



NOTA ACLARATORIA EN RELACIÓN COAS CONVOCATORIAS DAS PROBAS FÍSICAS E VISUAIS

Co obxectivo de garantir a máxima transparencia e seguridade xurídica no proceso de realización das probas físicas e visuais convocadas mediante Resolución do 16 de xullo de 2025, e ante a posibilidade de que poidan producirse erros materiais ou omisións nas listaxes de persoas convocadas, resulta necesario informar con claridade dos procedementos habilitados para a presentación de alegacións.

A publicación desta nota aclaratoria pretende facilitar ao conxunto das persoas interesadas a canle axeitada para exercer os seus dereitos, así como establecer os prazos e medios dispoñibles para a tramitación das reclamacións que procedan, contribuíndo así ao correcto desenvolvemento do proceso.

PROBA FÍSICA

As persoas convocadas para a realización da proba física son aquelas que remitiron, dentro do prazo establecido, o correspondente certificado médico, conforme ao disposto na Resolución do 4 de xullo de 2025 do Secretario Xeral Técnico da Consellería do Medio Rural.

No caso de que algunha persoa que presentase o certificado médico no prazo indicado non figure na listaxe de persoas convocadas, poderá presentar a correspondente alegación e acudir igualmente o día da realización da proba.

PROBA VISUAL

Se algunha das persoas convocadas considera que debería estar exenta da realización da proba visual, conforme ao establecido na Resolución do 4 de xullo de 2025, deberá presentar a correspondente alegación e **non acudir** ao exame.

Do mesmo xeito, se algunha persoa entende que debería figurar como convocada e non aparece na listaxe, poderá presentar alegación. No caso de que esta sexa estimada, a proba realizaráselle nunha data posterior.



PRESENTACIÓN DE ALEGACIONES

As alegacións deberán dirixirse á Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural (Servizo de Persoal), preferentemente mediante correo electrónico ao enderezo:

 **persoalmediorural@xunta.gal**

Tamén poderán presentarse a través do **registro electrónico da Xunta de Galicia**, dirixidas ao **Servizo de Persoal da Consellería do Medio Rural**.

O prazo límite para a presentación das alegacións será **antes da data de realización da proba correspondente**.